



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE MONTERREI PARA A REALIZACIÓN DE VISITAS GUIADAS E DE INFORMACIÓN TURÍSTICA NA FORTALEZA DE MONTERREI.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Monterrei o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Monterrei para a realización de visitas guiadas e teatralizadas á Fortaleza de Monterrei, así como para a prestación de información turística do concello e da comarca, co fin de promover o turismo cultural, incentivar o coñecemento do patrimonio cultural e histórico galego e contribuír ao desenvolvemento económico da comarca.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, programa 761A.

O artigo 9 dos seus estatutos establece as funcións e competencias da Axencia para acadar os seus obxectivos, dispoñendo na súa alínea i) que lle corresponde “a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño





de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago”.

Segundo.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Así mesmo, os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Terceiro.- O obxectivo da actuación é a posta en valor da Fortaleza de Monterrei, o máis importante recurso patrimonial e cultural do Concello de Monterrei, de grande interese turístico, contribuíndo a mellorar a imaxe do Concello de Monterrei como destino cultural e artístico, o que incrementará de maneira directa o fluxo turístico e propiciará repercusións económicas favorables para a comarca e, polo tanto, para Galicia.

O palacio-fortaleza de Monterrei atópase na parroquia de Santa María, a 72 quilómetros de Ourense. A fortaleza elévase na confluencia de camiños entre Sanabria e Ourense, preto do río Támega, na zona máis elevada do fermoso val de Monterrei, dende onde domina o territorio circundante.

A súa historia é extensa pois o val foi poboado no século X. O castelo foi construído no século XII por Alfonso Henríquez, neto de Alfonso VI, e adquiriu importancia no XIV con Pedro I el Cruel. En 1506 arribou aquí Felipe o Feroso para atoparse co Cardeal Cisneros e amosarlle a súa función como Rei de España.

A fortaleza foise adaptando a diferentes estilos ó longo da súa historia. A Torre das Damas foi edificada no século XIV. Entre os séculos XV e XVII os sucesivos condes de Monterrei construíron o palacio renacentista, a torre da Homenaxe, o hospital de peregrinos e a igrexa gótica de Santa María. Na Idade Moderna construíronse dous recintos abaluartados que encerraban os conventos de franciscanos e xesuítas, baixo a dirección dos enxeñeiros





militares de Felipe IV, Juan de Villarroel e Carlos de Grunemberg. A función militar do conxunto fortificado complementouse coa importante vida cultural da pequena corte nobiliaria. Aquí imprimiuse o primeiro incunable galego, en 1444, un misal hoxe conservado no Arquivo Diocesano da Catedral de Ourense e se impartía docencia en gramática, artes e teoloxía. O monumental conxunto fortificado de Monterrei constitúe a “Acrópole” máis grande de Galicia, e forma un enclave de evidente interese. Posúe tres recintos amurallados sobre unha alongada lomba, e entre outros elementos defensivos imprescindibles destacan a Torre da Homenaxe e a Torre das Damas. Un dos accesos ó recinto presenta unha ponte levadiza, elemento propio destas fortalezas. As almeas, os pequenos vanos e un pozo de 14 metros situado no patio interior completan as defensas do edificio. O patio de armas do castelo accédese por unha porta practicada nunha muralla.

Cuarto.- O Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020 constrúese co propósito de consolidar un destino competitivo, cun gran valor estratéxico na economía galega. A súa liña estratéxica 2: Valores diferenciadores e a súa potenciación, indica que o patrimonio material e inmaterial, a nosa cultura e o termalismo son recursos e valores que nos diferencian e vertebran unha experiencia turística propia e singular. Estes valores están asociados univocamente con Galicia, xerando a dimensión turística da marca. A enogastronomía como recursos transversal, como parte tamén do noso acervo cultural, no que os produtos de proximidade forman a base na que traballa unha cociña cada vez mais recoñecida internacionalmente. Ademais, continuamos sendo un territorio caracterizado pola calidade e autenticidade, o que nos outorga un gran potencial como destino de slow tourism.

Obxectivos estratéxicos:

1. Singularización dos nosos valores diferenciadores
2. Impulso da enogastronomía galega.
3. Impulso do turismo termal.

A Fortaleza é un dos recursos turísticos que constitúe un valor diferenciado non só do concello senón da nosa Comunidade Autónoma. Por este motivo, o Concello de Monterrei e a Axencia Turismo de Galicia consideran necesario formalizar un convenio de colaboración, posto que se trata dunhas accións de interese común definidas para potenciar o turismo cultural non só na comarca de Monterrei senón tamén na Comunidade Autónoma.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Monterrei unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia,





polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

